

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DÍA 4 DE XULLO DE 2022.

**Dá comezo a xuntanza ás 9:30 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros:** Pablo Taboada Antelo, Eva Rodil Rodríguez, José Miguel Túniz López, Dolores Vilavedra Fernández, Juan Bautista Zalvide Torrente, Marco Eugenio Vázquez Sentís, Margarita Estevez Súa, José Manuel Cifuentes Martínez, Carolina López Gómez, Ana María Porto Castro, José Ángel Fernández Escribano, Isabel Fraga Carou, Ángel García Alonso

**Desculpan asistencia:** Beatriz Álvarez Díaz; Juan Monterroso

ORDE DO DIA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe do presidente da EDIUS
3. Informe dos subdirectores da EDIUS sobre o seguimento da acreditación do programas de doutoramento con informes da ACSUG
4. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias e Aplicadas.
5. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Ciencia de Materiais
6. Informe das modificacións de memorias presentadas polos programas de doutoramento:
  - Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses
  - Ciencias Odontolóxicas
  - Comunicación e Información Contemporánea
  - Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
  - Economía e Empresa
  - Interuniversitario en Neurociencia e Psicoloxía Clínica
  - Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social
7. Informe da memoria presentada para implantar o novo programa de doutoramento Interuniversitario en Didáctica das Ciencias Experimentais
8. Asuntos de trámite
9. Rogos e Preguntas

**1. Aprobación, se procede, da acta anterior**

Acordase a aprobación da acta da Comisión de Calidade do día 03/05/2022.

**2. Informe do presidente da EDIUS**

- Recibiuse o último informe de acreditación dos programas de doutoramento, quedando finalizado o proceso. Tivo lugar unha reunión co novo delegado de calidade da USC, Prof. Antonio Mosquera, para definir como debería ser o fluxo de información nos próximos

meses e garantir que sexa un bo fluxo. Decidiuse co contacto dos programas de doutoramento será en primeiro lugar coa EDIUS que intentará resolvelas dubidas xerais, para dúbidas mais específicas ou sobre indicadores será a EDIUS quen faga as consultas pertinentes a área de calidade. Intentase desta forma mellorar la comunicación entre programas, Escola de Doutoramento e área de calidade.

### **3. Informe dos subdirectores da EDIUS sobre o seguimento da acreditación do programas de doutoramento con informes da ACSUG**

Neste punto deberíase facer un informe sobre o estado dos programas de doutoramento tendo en conta o informe final de acreditación recibido da ACSUG. Pero aínda que, temos case todos os check-list propostos no seu momento, para proceder a avaliación do estado dos programas de doutoramento, debido a diversas incidencias na EDIUS nos retrasamos na elaboración do informe final, esperamos telo en breve e poder presentalo á comisión de calidade.

### **4. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias e Aplicadas.**

A comisión de calidade da EDIUS informa favorablemente as alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias e Aplicadas.

### **5. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Ciencia de Materiais**

A comisión de calidade da EDIUS informa favorablemente as alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Ciencia de Materiais.

### **6. Informe das modificacións de memorias presentadas polos programas de doutoramento:**

O Comité de dirección da EDIUS acordou informar favorablemente as declaracións de intencións de modificación da memoria dos programas para a súa implantación no curso 2023/24 seguintes:

- Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses
- Ciencias de Materiais
- Ciencias Odontolóxicas
- Comunicación e Información Contemporánea
- Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
- Física Nuclear e de Partículas
- Historia, Xeografía e Historia da Arte
- Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
- Economía e Empresa
- Interuniversitario en Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social

Condicionado a que os programas deben incorporar na memoria os cambios derivados das modificacións da normativa dos Estudos de Doutoramento na USC, así como

modificar os apartados requiridos polo informe final de acreditación da ACSUG nos aspectos indicados de obrigado cumprimento.

Finalmente presentaron a memoria de modificación os programas incluídos nesta Comisión son:

- Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses
- Ciencias Odontolóxicas
- Comunicación e Información Contemporánea
- Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
- Economía e Empresa
- Interuniversitario en Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social

A comisión de calidade da EDIUS informa favorablemente as memorias presentadas polos programas de doutoramento, recomendándose as seguintes revisións ou cambios:

- **Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses**

Sen cambios

- **Ciencias Odontolóxicas**

Apartado 3.2

En “Requisitos específicos de admisión” indícase que é necesaria “a presentación dun informe de viabilidade por parte do/a estudante: carta de referencia dun(a) profesor(a) do programa que avale a viabilidade da futura tese no marco da liña de investigación á que se vincule”. Mais este mesmo requisito barémase no apartado de Criterios de admisión, o que non é posible. Por tanto, recomendase suprimilo do apartado de criterios de admisión.

En “Criterios de admisión do Programa” establécese como requisito de acceso un mínimo de 50 puntos dos 100 posibles do criterio de admisión. Isto, pola contra, débese indicar no apartado de Requisitos de acceso específicos do programa.

Apartado 4

A actividade 1 que se oferta pola EDIUS entre as actividades desa sección establécese como obrigatoria, o que non é posible dado o número restrinxido de prazas.

Apartado 5.3

En “Criterio de calidade da tese”, apúntase unha publicación JCR. Isto debe incluírse tamén como unha actividade formativa de carácter obrigatorio.

Apartado 6

Deriva á páxina web do Programa, debe indicar tamén no Anexo.

Apartado 8.1

Faltan por completar as distintas taxas do último cadro.

Apartado 8.3

Faltan por completar as distintas taxas del último cadro.

- **Comunicación e Información Contemporánea**

Apartado 3.1

É necesario substituír as ligazóns que teñan na súa ruta as antigas páxinas do CIEDUS

- <https://www.usc.es/gl/centros/ciedus/edi/titulacions.html?plan=15441&estudio=15442&codEstudio=14921&valor=9&orde=true>
- [https://www.usc.gal/gl/centros/ciedus/actividades\\_formativas/actividades.html](https://www.usc.gal/gl/centros/ciedus/actividades_formativas/actividades.html)
- <https://www.usc.es/gl/centros/ciedus/admision/index.html>
- <https://www.usc.es/gl/centros/ciedus/edi/titulacions.html?plan=15441&estudio=15442&codEstudio=14921&valor=9&orde=true>

#### Apartado 3.2

1. En “Requisitos específicos” indícase que: “dadas as características e o nivel científico do Programa de doutoramento, os/as alumnos/as que procedan de países cuxo idioma oficial non sexa o español, excepto os alumnos que procedan de países cuxo idioma oficial sexa o portugués, deberán acreditar un nivel de coñecemento B1 de español”

É necesario modificar este requisito incluíndo a posibilidade de acreditar ou ben un nivel B1 de español, ou ben un nivel de galego Celga 2. Non é adecuado deixar fora deste requisito aos alumnos/as de fala portuguesa.

2. En “Perfil de ingreso sen complementos de formación”:

- Falta por concretar o nº de créditos do texto en vermello.
- Indícanse os complementos de formación, pero débense suprimir aquí, xa que hai un apartado - o 3.4- para indicar estes.
- Indícanse neste apartado os criterios de admisión, pero débense suprimir xa que xa se refllicten no seu apartado correspondente máis adiante.

#### Apartado 4

Na actividade formativa 5 falta por indicar a planificación temporal.

#### Apartado 5.1

Suprimir o texto marcado en amarelo.

#### Apartado 5.2

En “Resolución de conflitos”, suprimir texto marcado en amarelo.

#### Apartado 5.3

En “Admisión a trámite de la tese pola CAPD”, suprimir texto marcado en amarelo.

#### Apartado 8.2

Falta por incluír o apartado de “Perfil de egreso e saídas profesionais do Programa”, o cal é requirido nos informes de acreditación da ACSUG para que se publique na páxina do Programa.

#### Apartado 8.3

Datos e táboas incompletas.

Na táboa de teses defendidas nos últimos 5 anos inclúense ,ademais, teses máis antigas que non deben figurar.

Non está cuberta a parte correspondente a “Empregabilidade nos tres años posteriores ao egreso”.

#### Anexos

Na táboa 4 de selección de 10 teses indícanse 13. É necesario eliminar tres.

- **Energías Renovables e Sustentabilidade Enerxética**

#### Apartado 3.2

En “Criterios de admisión” establécense como criterio un apartado xenérico de “Outros” que debe ser perfilado.

Apartado 4

A actividade 6 que se oferta pola EDIUS ou a do PFID da USC establécense como obrigatoria, e non pode selo dado que hai un número de prazas moi restrinxido.

Anexos

Completalos.

- **Economía e Empresa**

Apartado 3.2

En “Criterios de admisión” establécense como requisito de acceso un mínimo do 50% ao 80% de puntuación nos catro primeiros criterios. Debería indicarse este punto no apartado de Requisitos de admisión e indicar as consecuencias de non cumprir o declarado.

Apartado 3.3

Prevese que o 50% de estudantes sexan estranxeiros. Sería recomendable requirir coñecementos mínimos de algún idioma oficial da USC e/ou inglés para evitar potenciais problemas lingüísticos que impidan/compliquen en exceso o desenvolvemento dos estudos.

Apartado 5.1

En “Compromiso de Supervisión”, suprimir último parágrafo.

Apartado 5.2

En “Resolución de conflitos”, suprimir último parágrafo.

Apartado 5.3

En “Criterio de calidade da tese”, indícase unha publicación JCR ou Scopus. Isto debe incluírse tamén como unha actividade formativa de carácter obrigatoria. Indícase como requisito ter cursadas 25 horas de actividades da EDIUS da área de Ciencias sociais e Xurídicas, e 25 horas das actividades transversais da EDIUS. Valorar se tal volumen de formación é posible tendo en conta o número de prazas de actividades que se ofertan. No modelo da memoria establecíase algo similar con indicación de equivalencia horas/ECTS

Apartado 6.1

Aparece a descripción das liñas de investigación cunha descripción máis longa que a recomendada para a súa publicación na web do programa.

Apartado 8.2

Falta por incluír o perfil de egreso e saídas profesionais do programa, isto é requirido polos informes de acreditación da ACSUF para que se publique na páxina do programa.

Apartado 8.3

Falta a descrición das dúas primeiras táboas e faltan o resto das táboas propostas no modelo.

Non está cuberta a parte de “Empregabilidade nos tres anos posteriores ao egreso”

Anexos

Non presentan anexos, pero sí unha folla de Excel, que non se corresponde cos modelos de táboas propostos.

- **Interuniversitario en Neurociencia e Psicoloxía Clínica**

Apartado 3.2

En “Requisitos específicos de admisión” indícase que é necesaria “a presentación dun informe de viabilidade por parte do/a estudante: carta de referencia dun(a) profesor(a) do programa que avale a viabilidade da futura tese no marco da liña de investigación á que se vincule”. Mais este mesmo requisito barémase no apartado de *Criterios de admisión*, o que non se ve factible, polo que se recomenda suprimir deste último apartado.

- **Procesos Psicológicos e Comportamento Social**

- Apartado 3.2

- En “Criterios de admisión” establecen a necesidade de presentar “unha declaración por parte do solicitante de que ten a capacidade para seguir as actividades programadas alomenos en español e inglés”. O anterior debería formar parte de *Requisitos de admisión* e indicar as consecuencias de non cumprir o declarado.

- Apartado 4

- Recoméndase suprimir as equivalencias das actividades a créditos ECTS.

- Apartado 5.2

- En “Resolución de conflictos”, suprimir o último parágrafo.

- Apartado 5.3

- En “Admisión a trámite de la tese pola CAPD”, suprimir último parágrafo.

- Apartado 6

- É necesaria a descrición das Liñas de investigación para a súa publicación na *web* do Programa.

- Apartado 8.3

- O modelo de memoria indica a necesidade de cubrir unha serie de datos nas táboas 1 e 2 dende o curso 2013/14. Non obstante, o Programa aporta datos só dende o curso 2016/17. Sería necesario cubrir os datos que faltan.

- Anexos

- Non segue o modelo proposto de táboas.

## **7. Informe da memoria presentada para implantar o novo programa de doutoramento Interuniversitario en Didáctica das Ciencias Experimentais**

A comisión de calidade da EDIUS informa favorablemente a memoria de verificación do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Didáctica das Ciencias Experimentais, condicionado a:

- Revisar as distintas liñas de investigación para que non se solapen coas dos programas de doutoramento en Equidade e Innovación Educativa nin coas do Programa en Educación, xa ofertados pola USC.
- Concretar quen organiza os complementos de formación e actividades formativas ofertadas na memoria de xeito xeral para todos os doutorandos/as.
- Revisar as ligazóns incluídas na memoria dado que algunhas delas non están operativas.
- Especificar as particularidades da USC en relación ao calendario, os tramites para autorización da defensa das teses, etc., dado que na memoria remiten á normativa da Universidades coordinadora do título sen distinguir os casos dos estudantes matriculados noutras das Universidades participantes.
- Revisar a cualificación das teses segundo establecido no RD 99/2011 de aplicación para todos os programas de doutoramento.

**8. Asuntos de trámite**

Non hai

**9. Rogos e Preguntas**

Non ahi

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesións as 10:10 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Eva Rodil

## Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 14/09/2022 13:13:03.

**Asinante/Firmante/Signer:** EVA RODIL RODRIGUEZ, NIF \*\*\*2074\*\*, 14/09/2022 10:42:25.

**CSV:** DF5C-D251-4266-9964